

**PREGO DE CONDICIÓN S QUE REGULARÁN A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO POR PRAZO DUN ANO POR IMPORTE DE CINCOCENTOS QUINCE MIL EUROS ( 515.000 € ) PARA A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE. EXPEDIENTE E2/2016.**

### **1.- OBXECTO DE CONTRATO**

O obxecto do contrato consiste na concertación dunha operación de crédito a curto prazo por importe de cincocentos quince mil euros ( 515.000 € ) para á atención de necesidades transitorias de tesourería, cuías características detallanse no apartado terceiro.

### **2.- NATUREZA DO CONTRATO**

2.1 A presente operación de crédito é un contrato excluído do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Non obstante os actos de preparación e adjudicación do contrato rexeranse polos principios establecidos na devandita norma.

2.2 A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes na execución deste contrato, e con renuncia ao seu propio foro, sométense aos xulgados e Tribunais de Ourense, respecto de calquera incidencia que puidese resultar do presente contrato.

### **3.- CONDICIÓN S MÍNIMAS ESIXIDAS**

3.1 Finalidade. Cubrir déficit transitorio de tesourería.

3.2 Importe da operación: 515.000 €.

3.3 Modalidade: Conta de crédito.

3.4 Tipo de xuro de referencia: Os tipos de xuro ofertados poderán ser de carácter **FIXO** ou **VARIABLE**. En caso de que se oferte tipo de xuro variable farase referencia ao **EURIBOR A TRES MESES**.

3.5 Amortización: A operación concertase polo prazo dun **ANO** coa posibilidade de cancelación anticipada do crédito en calquera momento da vixencia da operación, sen comisións.

3.6 Liquidación de xuros: Trimestral. Os xuros aplicaránse por días naturais e o seu importe calcularase sobre a o saldo diario disposto aplicando o tipo de xuro correspondente polos días naturais en que se dispuxese no período de liquidación.

3.7 Revisión de tipo de xuro: Trimestral.

3.8 Instrumentación: Para o seguemento da operación procederase á apertura dunha conta de crédito. Esta conta de crédito, obxecto da presente contratación, deberá estar aberta e plenamente operativa a disposición da Fundación ao día seguinte da formalización da operación.

3.9 Seguindo instrucións da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne por ser unha fundación



pertencente ao sector público autonómico de Galicia está suxeita a normativa de prudencia financeira aplicable a operacións de endebedamento dacordo coa “ Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais”. **Polo que as ofertas das entidades financeiras deben presentarse en termos de prudencia financeira.**

O coste total máximo das operacións de endebedamento, incluíndo comisións e outros gastos, salvo as comisións citadas no Anexo 3, non poderá superar o coste de financiamento do Estado ao prazo medio da operación, incrementado no diferencial que corresponda según o establecido no Anexo 3 da Resolución de 16 de setembro.

A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne a través da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, empregará o Anexo 2 establecido na Resolución de 16 de setembro como metodoloxía de cálculo do coste de financiamento do Estado a cada prazo medio, **debendo reflexar as ofertas presentadas polas entidades financeiras a metodoloxía escollida.**

O diferencial máximo sobre o coste de financiamento do Estado aplicable no caso da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne según o establecido no Anexo 3 da Resolución de 16 de setembro será o correspondente a **50 puntos básicos.**

#### 4.- ENTREGAS

A operación terá a consideración de conta de crédito. Os xuros cargaránse na propia conta de crédito, sempre e cando iso non implique a superación do límite máximo autorizado de disposición. Neste último caso, a Entidade financeira comunicará esta situación a Fundación coa antelación suficiente para que se poda realizar un trasvase de fondos que cubra esta situación. De non se realizar esta notificación non se admitirán a liquidación de xuros de demora por falta de saldo.

#### 5.- ADXUDICACIÓN

Para a adxudicación deste contrato atenderase exclusivamente ao menor prezo ofrecido polos licitadores, é dicir, á oferta máis vantaxosa dende o punto de vista estritamente económico.

A adxudicación realizarase a favor daquela entidade cuxa oferta se entenda máis favorable para os intereses da Fundación. A proposta de adxudicación deberá estar motivada.

#### 6.- EXPOSICIÓN E PUBLICIDADE

A invitación para presentación de proposicións e o presente prego remitiranse a mínimo cinco entidades bancarias con sucursal aberta na provincia de Ourense, podendo presentarse reclamacións contra o prego dende a data da súa aprobación ata o prazo de finalización de presentación de proposicións.

A invitación para presentación de proposicións e o prego de condicións enviarase por correo electrónico a persona de contacto das entidades bancarias con acuse de recibo de recepción do

correo. Sendo imprescindible para participar no proceso de contratación a confirmación expresa da recepción da invitación e o acceso ao contido do prego de condicións na seguinte dirección de correo electrónico [dpto\\_administracion@ceteca.net](mailto:dpto_administracion@ceteca.net)

Así mesmo, o prego exporase ata a data final de presentación de ofertas no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Fundación a fin de que calquera entidade que resulte interesada poida presentar oferta.

## 7.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaranse en sobre pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente, no seguinte enderezo:

Rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne  
Avda. de Galicia nº 4 Parque Tecnolóxico de Galicia  
32900-San Cibrao das Viñas  
Ourense

O prazo de presentación de proposicións finalizará as **14:00 horas do próximo día 24 de Novembro de 2016.**

## 8.- CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

Departamento de Administración:

Teléfono: 988 548 277

Fax: 988 548 276

e-mail: [dpto\\_administracion@ceteca.net](mailto:dpto_administracion@ceteca.net)

## 9.- MODELO DE PROPOSICIÓN

A proposición presentarase debidamente asinada e datada, e formularase conforme ao modelo que se achega.

E non se aceptarán aquelas que conteñan omisións, erros ou riscaduras que impidan coñecer claramente o que a Fundación considere fundamental para considerar a oferta.

MODELO:

D./Dña.-----, en representación de-----, cuxo NIF e ----  
-----, con enderezo en -----, rúa-----, nº-----,  
e DNI-----, enterado e aceptando na súa integridade as condicións que regulan a  
contratación duna OPERACIÓN DE CRÉDITO coa Fundación Centro Tecnolóxico da Carne  
por importe de 515.000 € ( Expediente E2/2016 ), oferta as condicións recollidas na cláusula 3ª  
das que rexen a contratación seguintes:


Na oferta deberá especificarse: Metodoloxía escollida para o cálculo do coste de financiamento do Estado en base a contida no Anexo 2 da Resolución de 16 de setembro de 2016.

Na oferta deberá especificarse unha dirección de correo electrónico á efectos de notificacións

San Cibrao das Viñas, 31 de outubro de 2016

Elaborado,

O Xefe de administración



Emilio Gonzalez Cacheiro

O órgano de contratación resolve aprobar o presente prego de condicións

San Cibrao das Viñas,

O Director Xerente

02 NOV 2016

  
  
Asdo.: Miguel Fernández Rodríguez